

Oferta Avis a nivel mundial

Desde
20€
por día

Edición en galego

EDICIÓN IMPRESA:

La Voz de Galicia.es

PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDAD DINERO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA OCIO SERVICIOS CLASIFICADO

Cartas al Director

vento nas velas

O amigo dos libros

| Sábado 26 de enero de 2008

Valoración

()

Coñecín a don Xosé María, como gusta de chamalo aínda hoxe Darío Xohán Cabana, na librería que tiña na rúa Pi Margall, en Vigo, atendida por Fina Cáccamo, a súa cuñada, onde vendían libros de toda clase e condición, moi principalmente populares, pero tamén raros, incluso diría que misteriosos, na mentalidade da época, e onde tamén prestaban novelas, porque daquela a xente alugaba novelas para ler, igual que agora se alugan películas para as fins de semana. Falo do ano 1975, non do século XIX.

Esta é a primeira imaxe que teño de Xosé María Álvarez Blázquez, a quen este ano vai dedicado o Día das Letras e a quen esta tarde, na súa cidade de Vigo, homenaxeamos: un home relativamente maior (máis ben eu era un rapazolo), sentado ao fondo do establecemento, a carón dunha vella máquina de escribir, coa luz entrándolle dende atrás, e todo arredor cheo de libros. Logo trateino un pouco máis, en sendo profesor de Literatura e Humanidades na Escola Náutico-Pesqueira, e mais na radio. Pero a primeira imaxe que teño del é a que agora evoco.

A impresión que producía a librería era bastante caótica. Supoño que iso reafirmaba o seu misterio. Tiña un letreiro enorme enriba da porta: «Almoneda», seica procedente do anterior propietario, e que don Xosé María nunca retirou, aínda que oficialmente o establecemento se chamaba Librería Monterrey. Mercáрана contra o ano 48, el e mais Viñas Cortegoso, e nela tiña o seu principal centro de operacións para os traballos da literatura e, sobre todo, para os traballos da edición, primeiro coa Editorial Monterrey e logo coa Editorial Castrelos, a partir do ano 64.

Alí naceu esa pequena xoia da edición galega que foron os libriños da colección O Moucho: colección popular, que circulaba polos quioscos e as feiras, a 30 pesetas o exemplar, e onde o lector pode atopar dende O catecismo do labrego, de Valentín Lamas Carvajal, do que se chegaron a vender arredor de icen mil exemplares!, ata recolleitas do cancionero popular, traducións de Yeats e de Quevedo, narrativa de Otero Pedrayo, teatro de Ánxel Fole, unha biografía de Pedro Madruga, tirada dos textos medievais de Vasco Daponte, ou o Retorno a Tagen Ata de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Na librería (e na editorial) traballou entre o ano 1971 e o ano 1975 un rapaciño novo que, da man de don

Xosé María, se iniciaba daquela nas letras: Darío Xohán Cabana. «Foi a miña universidade», comentoume Darío máis dunha vez.

Eu era un rapaz, xa digo, recién licenciado en Filoloxía, que xa traballaba no xornalismo. Entrei na librería e empecei a revolver nos libros vellos, a prezos extraordinariamente accesibles: edicións da colección Benito Soto (do ano 1949), exemplares que chegaban de Bos Aires, unha edición de Sempre en Galiza... Cando vi a selección que eu pousara sobre o mostrador, achegouse onda min, olloume e preguntou: «¿E logo ti quen es?».

Compartir

[¿Cómo compartir?](#)

Webs del grupo [RadioVoz](#) [Voz Audiovisual](#) [Sondaxe](#) [Canalvoz](#) [Voz Natura](#) [Fundación](#) [Prensa Escuela](#) [Escuela de Medios](#)

Tarifas web [Consulta](#)

Contacte con nosotros webvoz@lavo.es



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

R.M. de A Coruña: tomo 2438 del Archivo, Sección General, folio 114 vto., hoja C-2141.

CIF: A-15000649.